



nAmorAndo 2019

Secundaria

Presentación de resultados

ÍNDICE

1. Resultados da intervención nas aulas	3
2. Preguntas realizadas polo alumnado	25
3. Conclusións	28

Intervención realizada por Jone Ojeda (Psicóloga G-4682)

1. RESULTADOS DA INTERVENCIÓN NAS AULAS EN ESO


Participaron un total de 289-295 alumnos e alumnas distribuidxs en 12 aulas de 4 institutos da cidade: Xunqueira I (3 aulas), Xunqueira II (3 aulas), Luis Seoane (3 aulas), Frei Martín Sarmiento (3 aulas)..O alumnado foi procedente de 2º da ESO.

A idade media do alumando participatne foi de 13,5 anos.

A participación do alumnado na avaliación foi de 289 (136 mulleres e 153 homes) persoas, e ao finalizar de 295 (139 mulleres e 156 homes)

Distribución da participación na avaliación pre segundo sexo

■ Muller ■ Homes




Distribución da participación na avaliación post segundo sexo

■ Muller ■ Homes




Nivel de estudos das nais e pais. Avaliación post




Vemos que os participantes pertencen a familias cuxos proxenitores teñen niveis de estudos similares. Sendo as mulleres as que máis estudos universitarios manifestan ter, e habendo un pequeno porcentaxe de homes que en maior medida non teñen estudos. Tamén valoramos que casi un 30% do alumnado non sabe que estudaron seus pais-nais.

Porcentaxe de participantes que tiveron, teñen ou non tiveron parella. Pre




Porcentaxe de participantes que tiveron, teñen ou non tiveron parella




Mais da metade do alumnado (60%) cando inicia o programa xa tiveron ou teñen no momento da avaliación relacións de parella, estando practicamente ao mesmo nivel ao finalizar o programa (61%).

Porcentaxe de mulleres e homes, segundo tiveran, teñan ou non tiveran parella. Pre




Porcentaxe de mulleres e homes, segundo tiveran, teñan ou non tiveran nunca parella. Post




Existe unha proporción maior de rapaces que xa tiveron ou teñen parella (29,4%, que aumenta a un 33,8% ao cubrir a avaliación), fronte ao 23,8% das mulleres (33,8% ao finalizar a intervención).

Ideas sobre o amor e as relacións de parella. Pre



Ideas sobre o amor e as relacións de parella. Post




As ideas sobre o amor e ás relacións de parella perpetúanse a través de mitos (entre un 14,2% e un 43,9% do alumnado que os considera verdadeiros), os máis relevantes ó inicio da intervención son (maior a ún 30%):

- As persoas cambian seus malos comportamentos por amor (44% considera que é verdadeira esta afirmación)
- Nunha parella a outra persoa debe saber todo sobre min (41,5%)
- Non hai amor verdadeiro sen sufrimento (38,1%)
- A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade que necesito (37%)
- O amor é suficiente para superar tódolos obstáculos nunha relación (36%)


Trala intervención vemos como estes mitos redúcense moito no porcentaxe (indo dende un 9,8% a ún 44,4%) que os mostran como verdadeiros sendo os mais relevantes:

- As persoas cambian seus malos comportamentos por amor (44,4% considera que é verdadeira esta afirmación). Mantense igual que ó inicio do programa.
- Nunha parella a outra persoa debe saber todo sobre min (28,1%)
- A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade que necesito (24,7%)
- Non hai amor verdadeiro sen sufrimento (23,7%)
- O amor é suficiente para superar tódolos obstáculos nunha relación (20,7%)

Diferenzas significativas segundo sexo, das ideas sobre o amor e as relacións de parella. Pre



Diferenzas significativas segundo sexo, das ideas sobre o amor e as relacións de parella. Post



Nesta ocasión quixemos comprobar se existían diferenzas estatisticamente significativas entre as rapazas e rapaces. Os homes presentan antes da intervención ideas mais erróneas sobre o amor, que as mulleres nestes aspectos:

- É necesario o amor de parella para sentirse completo/a na vida
- A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade ou satisfacción que necesito

- Teño que estar totalmente volcado/a en lograr a felicidade da outra persoa
- Os meus intereses ou necesidades deben xirar ó redor da miña parella e/ou as súas ó redor da miña persoa
- Debo entregarme totalmente a outra persoa postergando e sacrificando o propio

Cando rematamos a intervención , desaparecen as diferenzas existentes nos ítems:

- É necesario o amor de parella para sentirse completo/a na vida
- A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade ou satisfacción que necesito


Disminúen, aínda que se manteñen as diferenzas estatísticamente significativas entre homes e mulleres nos seguintes:

- Teño que estar totalmente volcado/a en lograr a felicidade da outra persoa
- Os meus intereses ou necesidades deben xirar ó redor da miña parella e/ou as súas ó redor da miña persoa
- Debo entregarme totalmente a outra persoa postergando e sacrificando o propio

E finalmente aparece unha nova, na que indica unha maior interiorización nas mulleres que nos homes na idea de que o amor verdadeiro perdoa/aguanta todo.


Diferenzas significativas segundo tiveran parella, teñan ou non tiveran nunca, das ideas sobre o amor e as relacións de parella. Pre

% de persoas que responderon 'falso'



	O amor verdadeiro perdoo aguanta todo	É necesario o amor de parella para sentirse completo/a na vida	Os meus intereses e necesidades deben xirar ó redor da miña parella...	Debo entregarme totalmente a outra persoa, postergando e sacrificando...	Nunha parella a outra persoa debe saber todo sobre min	Se non sinto celos na miña relación de parella, é que non amo a...
■ Agora non teño parella, pero si tiven	20,4	20,4	27,7	25,9	14,5	24,9
■ Agora teño parella	5,2	6,6	6,9	6,9	4,1	5,5
■ Non teño parella, nin tiven	29,4	30,4	33,2	33,5	25,2	32,8

Diferenzas significativas segundo tiveran parella, teñan ou non tiveran, das ideas sobre o amor e as relacións de parella. Post



Podemos comprobar como en edicións anteriores, o alumnado con parella no momento de cubrir a avaliación presenta moitas máis dificultades para identificar como falsas certas ideas sobre o amor e as relacións de parella baseadas no amor romántico. Continúa a ser o alumnado que non ten parella nin a tivo nunca o que mellor identifica ideas erróneas sobre o amor, estando nunha posición intermedia os que neste momento non teñen pero sí tiveron. Tendo en conta esta premisa, os ítems con diferenzas estatisticamente significativas son:

- O amor verdadeiro perdoa/aguanta todo.
- É necesario o amor de parella para sentirse completo/a na vida
- Os meus intereses ou necesidades deben xirar ó redor da miña parella e/ou as súas ó redor da miña persoa
- Debo entregarme totalmente a outra persoa postergando e sacrificando o propio
- Nunha parella a outra persoa debe saber todo sobre min
- Se non sinto celos na miña relación de parella e que non amor o suficiente a outra persoa

Ao concluir a intervención se manteñen a diferenzas, aínda que logrando identificar mellor os mitos románticos, nos seguintes ítems:


- O amor verdadeiro perdoa/aguanta todo.
- Debo entregarme totalmente a outra persoa postergando e sacrificando o propio. Neste ítem os/as que non teñen nin tiveron parella no melloran na súa percepción, mantense estable.

Aparecen novas diferenzas estatisticamente significativas nos seguintes ítems, nas que curiosamente son, nesta ocasión as persoas que non teñen parella pero xa a tiveron, os que de forma máis clara identifican como falsas estas afirmacións:

- O amor é suficiente para superar tódolos obstáculos nunha relación
- So hai un amor verdadeiro na vida
- A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade que necesitoTeño que estar totalmente volcado/a en lograr a felicidade doutro


Valoración da violencia en parella %. Pre I

■ Non é maltrato
 ■ Baixa
 ■ Media
 ■ Alta
 ■ É claramente maltrato
 ■




Valoración da violencia en parella. Pre II

■ Non é maltrato
 ■ Baixa
 ■ Media
 ■ Alta
 ■ É claramente maltrato




Valoración da violencia en parella %. Post I

■ Non é maltrato
 ■ Baixa
 ■ Media
 ■ Alta
 ■ É claramente maltrato



Valoración da violencia en parella %. Post II

■ Non é maltrato
 ■ Baixa
 ■ Media
 ■ Alta
 ■ É claramente maltrato



A forma de valorar a violencia por parte do alumnado forma parte dun gradiente, na que non existe ningún ítem que sexa valorado ao 100% por todos os alumnos e alumnas como claramente maltrato. Os ítems máis valorados como maltrato (por riba dun 80%) son:

- Agredir físicamente
- Empurrar ou abofetear no transcurso dunha discusión
- Oblígalas a ter relacións sexuais sen apetecerlle

Os menos valorados ó inicio da intervención como maltrato son:

- Deixar de falar durante días a túa parella porque fixo algo que non che gustara (72,7% considera que non é maltrato)
- Deixar habitualmente á outra persoa coa palabra na boca (41,5% considera que non é maltrato)


Tras realizar a intervención tódolos ítems melloran (entre un 1,5% e un 25,7%). Pero ningún é valorado ao 100% como claramente maltrato.... Os mellor identificados, por riba dun 80% continúan a ser os mesmos :


- Agredir físicamente
- Empurrar ou abofetear no transcurso dunha discusión
- Oblígarlle a ter relacións sexuais sen apetecerlle a ela

O ítem menos valorado como situación de maltrato é, coa seguinte porcentaxe:

- Deixar de falar durante días a túa parella porque fixo algo que non che gustara (38,3% considera que non é maltrato)

Diferenzas significativas da valoración da violencia en parella, segundo sexo. Pre





Cando analizamos as diferenzas existentes segundo o sexo das e dos participantes, vemos que as mulleres en xeral identifican mellor situacións que son claramente maltrato, salvo nun ítem: 'negar afecto ou apoio como castigo' que son os homes os que fan unha mellor identificación .

- Controlar o diñeiro e exixir contas de gastos máis insignificantes
- Dicirte como debes vestirse, comportarte
- Chamarte constantemente para sabre onde estás, con quen...
- Controlas as túas pertencenzas, chamadas de móbil...


- Agresividade ou dano no xogo amoroso ou sexual

Ao rematar a intervención, homes e mulleres nun 17,6 e 17,2% respectivamente identifican como claramente maltrato negar apoio e afecto como castigo. E as diferenzas aparecen nos que consideran que non é maltrato en absoluto, sendo o 4,7% dos varóns os que consideran isto fronte un 1,6% das mulleres.

Finalmente tamén aparece unha diferenza estatisticamente significativa na idea de a agresividade ou dano no xogo amoroso ou sexual, no que un 3,4% dos homes considera que non é maltrato fronte o 0,3% das mulleres.

Diferenzas significativas da valoración da violencia en parella, segundo tiveran, teñan ou non teñan parella

% de persoas que consideran claramente maltrato



De novo nesta edición, ao valorar as diferenzas estatisticamente significativas entre os rapaces e rapazas que xa estiveran inmersos en relacións de parella ou non, non atopamos diferenzas relevantes, so nun ítem ó inicio, e o finalizar a intervención desaparece. Nesta ocasión de novo, é o alumnado que nunca tivo parella o que mellor identifica nesta situación a violencia.

- Vixiar constantemente a parella

2. PREGUNTAS REALIZADAS POLO ALUMNADO

Este ano na avaliación dimos a oportunidade de que fixeran preguntas as que dedicaríamos un día para resolver dúbidas concretas que poideran ter. As preguntas que realizaron foron as seguintes:

Xunqueira I

- Como podo facer para ter novia?
- Se hai relacións sexuais por que a parella o quere, e maltrato? (Os 2 están de acordo en facelo)
- Sair con amigas se eres home e malo ??
- ¿Cómo se sinte a persoa da relación cando é maltratada?
- Qué facer cando te maltratan pero tes demasiado medo como para chamar a policía por si a persoa queda libre e se venga de ti?
- Como se llama el maltrato de la mujer al hombre?
- Por que la gente dice que se siente sol@ al no tener pareja porque para mi la felicidad no está en el amor está en la vida en si, tampoco entiendo otra cosa por ejemplo si alguien te dice que eres fe@ lo tienes que ser de verdad ¿no? Eso es por gustos no importa por eso cada uno es como es porque al fin al cabo la gente lo único que quiere es que seas como ellos quieren.
- Por que temos que ter en conta a parella cando estamos ocupados?
- Que entendemos por maltrato?
- Esto no es una pregunta, ya no hay parejas, hay líos o follamig@s

Frei Martín Sarmiento

- Si pillas a tu pareja con otro chico que haces?
- ¿Cómo identificar que estas enamorado?
- Pegar a unha chica, se consideraria violencia o maltrato?
- Cómo consigo el amor de ella
- E unha excusa dicir q a tua parella pensa que non vai funcionar e cortar?
- Como ligar sen facer cousas sucias ou cursis?

- Quero saber unha forma para namorar a unha muller
- Por que en el amor hay violencia?
- Cando se deben ter relacións sexuais?
- Por qué no le hacen mucho caso al maltrato de la mujer al hombre?
- Si realmente están enamorados porque mucha gente maltrata físicamente o con insultos y humillaciones a su pareja?
- Si a una niña de 9 años le coge su padre del pelo y le saca a rastras de la casa, si pasan 5 años se podría denunciar?
- Todos tenemos amor en la vida?
- ¿Eres menos feliz viviendo una vida sin pareja aun teniendo amigos y familia?
- Si mis padres discuten es maltrato?

Luis Seoane

- Por que hai tantas mortes de mulleres por maltrato?
- Es tan importante tener pareja?
- E verdade que existe o amor verdadeiro? Ou é mentira todo iso que din, eu penso que os polos opostos atraense xa que o que lle pode faltar a una persoa, por decilo así así complementábase coa outra
- Ti podes olvidarte dunha persoa da que estas namorada (salisteis hace 1 año), pero non te olvidaste del xa que é o teu mellor amigo?
- Gustaríame saber se e correcto discutir en parella sen deixar a outra parella sen dereito a palabra. Pareceme algo moi común no entorno social e de persoas que coñezo.

Xunqueira II

- Vou a atopar ó meu amor verdadeiro?
- Como sería a miña parella perfecta?
- A que idade se debe ter parella?
- Que podes hacer si te obliga a tener relaciones, y te amenaza con que si dices algo te puede llegar a hacer algo excesivo?
- Unha relación de parella pode ser a distancia?



- Se puede tener sexo virtual?
- Si le das un cariño fuerte, estás pegando?

3. CONCLUSIÓNS

Nesta edición de nAmorAndo, volvemos a facela intervención en 2º da ESO, así mesmo, traballouse cun aula de 1º FP, na que o Instituto Luis Seoane, considerou a necesidade. Esta valoración está realizada nun informe aparte.

Chegamos ao finalizar a 295 persoas (139 mulleres e 156 homes), cunha idade media de 13,5 anos.

Vemos que os participantes pertencen a familias cuxos proxenitores teñen niveis de estudos similares. Sendo as mulleres as que máis estudos universitarios manifestan ter, e habendo un pequeno porcentaxe de homes que en maior medida non teñen estudos. Tamén valoramos que casi un 30% do alumnado non sabe que estudaron seus pais-nais, e en moitos casos na interacción con elas e eles, non sabían a que se adicaban.

As ideas sobre o amor e ás relacións de parella perpetúanse a través de mitos, sendo os máis relevantes: 'As persoas cambian os seus malos comportamentos por amor' (nesta edición engadimos neste ítem a premisa dos malos comportamentos, porque víamos que daba lugar a confusión noutras edicións), 'Nunha parella a outra persoa debe saber todo sobre min', e 'Non hai amor verdadeiro sen sufrimento) habendo unha melloría en tódolos ítems trala intervención, salvo no primeiro, no que non hai cambios.

Os homes presentan antes da intervención ideas mais erróneas sobre o amor que as mulleres en varios aspectos: 'Teño que estar totalmente volcado en lograr a felicidade da outra persoa' e 'Os meus intereses e necesidades deben xirar ó redor da miña parella e/ou os meus ó redor dos dela''O amor verdadeiro perdoa/aguanta todo' 'Debo entregarme a outra persoa, postergando ou sacrificando o propio'. Tralo traballo durante as sesións desaparecen as diferenzas nos ítems de 'É necesario o amor de parella para sentirse completo/a na vida' e 'A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade que necesito', diminúen aínda que se manteñen diferenzas nos restantes e aparece unha nova, na que son as mulleres de novo as que mellor valoración fan na idea de que o amor verdadeiro perdoa/aguanta todo.

Podemos comprobar como en edicións anteriores, o alumnado con parella no momento de cubrir a avaliación presenta máis dificultades para identificar como falsas certas ideas sobre o amor e as relacións de parella baseadas no amor romántico. Sen embargo o alumnado que xa tivo parella, aínda que no momento da avaliación non a tivera e os e as que nunca tivo presenta resultados máis favorables, sendo os e as que nunca tiveron os que fan unha identificación máis clara dos mitos.

- O amor verdadeiro perdoa/aguanta todo.
- É necesario o amor de parella para sentirse completo/a na vida
- Os meus intereses ou necesidades deben xirar ó redor da miña parella e/ou as súas ó redor da miña persoa
- Debo entregarme totalmente a outra persoa postergando e sacrificando o propio
- Nunha parella a outra persoa debe saber todo sobre min
- Se non sinto celos na miña relación de parella e que non amor o suficiente a outra persoa

Ao concluir a intervención desaparecen as diferenzas iniciais, salvo en dous ítems: 'O amor verdadeiro perdoa/aguanta todo' e 'Debo entregarme totalmente a outra persoa postergando e sacrificando o propio'. Ámbolos dous son identificados como aspectos falsos en maior medida.

Así mesmo, aparecen novas diferenzas, nas que o alumnado que tivo parella pero non a ten neste momento pasan a identificar dunha forma máis clara estes mitos dos amor romántico:

- O amor é suficiente para superar tódolos obstáculos nunha relación
- So hai un amor verdadeiro na vida
- A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade que necesitoTeño que estar totalmente volcado/a en lograr a felicidade doutro

Esta cuestión é algo inédito que non sucedeu nunca nos anteriores programas de intervención e que valoramos como algo moi positivo.

A forma de valorar a violencia por parte do alumnado forma parte dun gradiente, na que non existe ningún ítem que sexa valorado ao 100% por todos os alumnos e alumnas como claramente maltrato. Os ítems máis valorados como maltrato, seguindo o curso da edición anterior son aqueles relacionados coas agresións físicas e sexuais, sendo estes os que mellor continúan a identificar trala intervención, aínda que en tódolos ítems hai unha mellora na súa identificación entre un 1,5% e un 25,7%.

O que menos é identificado como maltrato e aquilo que ten que ver coa fala: tanto deixar de falar a túa parella porque fixera algo que non che gustara, como deixar habitualmente á outra persoa coa palabra na boca. Trala intervención ambos ítems baixan considerablemente, o primeiro pasando dun 72,7% a un 38,3% e o segundo dun 41,5% a un 17,3%.

Cando analizamos as diferenzas existentes segundo o sexo das e dos participantes, vemos que son as mulleres quenes mellor identifican a violencia, salvo no ítem de 'Negar afecto e apoio como castigo', no que son os homes os que o teñen máis claro. Ao rematar o programa, homes e mulleres identifican por igual, e nunha maior proporción esta cuestión como claramente maltrato. Destacar que ó finalizar continúa a darse unha diferenza entre homes e mulleres na idea de que a agresividade ou dano no xogo amoroso ou sexual non é maltrato o 3,4% dos homes fronte o 0,3% das mulleres. Consideramos que é sumamente importante incidir nos recursos que utilizan os adolescentes, para aprender e iniciarse na súa vida sexual, xa que a pornografía, tendo como base unha cultura da violación tan arraigada, perpetúa ideas deste tipo.

De novo nesta edición, ao valorar as diferenzas estatisticamente significativas entre os rapaces e rapazas que xa estiveran inmersos en relacións de parella ou non, non atopamos diferenzas relevantes, so nun ítem ó inicio do programa, que desaparece ao finalizar, na idea de 'Vixiar constatemente á parella', sendo unha vez máis o alumnado que ten parella no momento actual o que fai unha identificación moito peor da violencia neste comportamento, e o que nunca tivo, o que é capaz de identificar máis claramente.

Subliñar a necesidade deste tipo de intervencións na mellora da percepción do alumnado na súa idea do amor romántico e na identificación de comportamentos violentos, pero consideramos que este traballo debe ser consolidado ao longo do tempo, nos diferentes cursos, para poder facer unha interiorización efectiva que se transforme en actuacións tanxibles. A importancia da mensaxe das e dos iguais é fundamental neste aseptco. Por iso alabamos o traballo realizado nos diferentes consellos da muller dos diferentes institutos.